

CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)

CERTIFICO:

Que a Comisión Informativa Especial de Contas deste concello na sesión ordinaria celebrada o día 25 de febreiro de 2022, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

2.-DITAME DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE MEIRA DO EXERCICIO 2021.

Vista a providencia da alcaldía, de data 18 de abril de 2022, que copiada literalmente dí:

“PROVIDENCIA DA ALCALDÍA DO ALCALDE PARA A FORMACIÓN DO EXPEDIENTE DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2021.

Considerando o disposto no artigo 208 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, cando sinala que:

“As entidades locais, ao remate do exercicio presupostario, formarán a conta xeral que porá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e presupostario”.

Por todo elo, a Conta Xeral do Concello de Meira, que será formada pola Intervención, será sometida antes do día 1 de xuño do exercicio seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da Entidade Local, que está constituída polos membros dos distintos grupos políticos integrantes da Corporación.

En base ao anteriormente exposto, é polo que,

DISPOÑO:

Primeiro.- Que polos servizos municipais se proceda á formación da Conta Xeral do exercicio 2021.

Segundo.- Que pola secretaría-intervención se proceda á emisión dos informes sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir na súa tramitación.

Terceiro.- Que se someta ao ditame da Comisión Especial de Contas, se lle dea conta ao Pleno e se lle remita de xeito telemático aos órganos encargados da fiscalización.”

Vistos os informes de intervención e secretaría de data 18 de abril de 2022”.

INFORME DE INTERVENCIÓN AO RESPECTO DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE MEIRA DO ANO 2021.

Mediante Providencia de Alcaldía con data 18 de abril do 2022, solicitouse que se formara a Conta Xeral do exercicio económico de 2020.

De conformidade co establecido no artigo 200.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 4 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, a persoa que exerce as funcións de secretaria interventora accidental que subscribe procedeu a formar a Conta Xeral do exercicio económico de 2019, en relación coa cal se emite o seguinte

INFORME:

PRIMEIRO.- A Lexislación aplicable é a seguinte:



- Os artigos 22.2 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- O artigo 119.3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- As Regras 85 e seguintes da Orde HAP 1782/2013 de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Simplificado de Contabilidade Local.
- Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático que facilite a súa rendición.
- Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- Resolución de 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se Ditan Medidas para o Desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

SEGUNDO.- A Conta Xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as Entidades Locais para cumprir esa obrigaçión formal de render contas, se non que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario; é dicir, é o instrumento que permite á Corporación e os administrados coñecer qué se fixo durante un exercicio orzamentario, permite controlar o uso e destino que se deu a un volume máis ou menos importante de fondos públicos; é, en definitiva, un mecanismo de control.

TERCEIRO.- A Conta Xeral das Entidades Locais estará integrada por:

A da propia Entidade.

A dos seus Organismos Autónomos.

As Contas das Sociedades Mercantís de capital integramente propiedade da mesma.

CUARTO.- A Conta Xeral da Entidade e a dos seus Organismos Autónomos está integrada por toda a documentación esixida pola normativa vixente, segundo o detalle e o contido que se sinala a continuación:

- a) O Balance.
- b) A Conta do resultado económico-patrimonial.
- c) Estado de cambios no patrimonio neto.
- d) O estado de Liquidación do Orzamento.
- e) A Memoria.

As contas anuais da propia Entidade Local e de cada un dos organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.



- En caso de que o Pleno da Corporación así o establecese, á Conta Xeral acompañaranse os estados integrados e consolidados das contas que determinaran no seu caso.

O artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais regula o procedemento para a rendición, publicidade e aprobación da Conta Xeral nos seguintes termos:

- Os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente antes do día 15 de maio do exercicio seguinte a que correspondan. As dos organismos autónomos e sociedades mercantís o capital das cales pertenza integramente a aquela, rendidas e propostas inicialmente polos órganos competentes destes, serán remitidas á entidade local no mesmo prazo.
- A conta xeral formada pola intervención será sometida antes do día 1 de xuño a informe da comisión especial de contas da entidade local, que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da corporación.
- A conta xeral co informe da comisión especial a que se refire o apartado anterior será exposta ao público por prazo de 15 días, durante eles e 8 máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes pola comisión especial de contas e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.
- Acompañada dos informes da comisión especial e das reclamacións e reparos formulados, a conta xeral someterase ao Pleno da Corporación, para que, no seu caso poda ser aprobada antes do día 1 de outubro.
- As entidades locais renderán ao Tribunal de Contas a conta xeral debidamente aprobada, antes do día 15 de outubro de cada ano segundo o establecido no artigo 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, neste caso a remisión farase tamén ao órgano fiscalizador da Comunidade Autónoma, e dicir, ao Consello de Contas de Galicia nas mesmas datas.

QUINTO.- Achégase ao presente informe de Intervención, o Balance, a Conta do Resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria, segundo os Modelos e co contido regulado na Cuarta parte «Contas Anuais» do Anexo da Orde HAP 1782/2013 de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Simplificado de Contabilidade Local.

Esta documentación poderá ser presentada en soporte informático tal e como establece a Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, polo que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático, que facilite a súa rendición e a Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.

SEXTO.- Do exame da documentación obrante na Contabilidade municipal cómpre destacar os seguintes datos:

a) BALANCE

Preséntase un balance por importe de 13.994.760,76 € (incrementándose ao respecto do ano anterior que acadaba a cifra de 13.205.988,17 €), fundamentalmente composto no lado do activo polo inmovilizado material (bens e dereitos cos que conta a Administración municipal).

No activo corrente, que acada os 869.110,22 €, destaca a partida de tesourería que se está cifrada nos 124.099,40 € e a de debedores que acada os 742.910,82 €.

No pasivo, destaca a partida do patrimonio neto por 4.787.375,62 €, que constitúe unha boa parte do total do patrimonio neto máis o pasivo.

Por outro lado as partidas do pasivo tanto corrente como non corrente, baixan ao respecto do ano anterior, froito da redución da débeda bancaria e comercial do período medio de pago a provedores.

A débedas a longo prazo sitúanse nos 30.628,16 € e que corresponden á única operación de financiamento que o Concello de Meira mantén con saldo vivo coas entidades bancarias, concretamente a



concertada co Banco Popular (hoxe Banco Santander) e polo préstamo para a financiación do pago a provedores (Real decreto Lei 4/2012).

O pasivos correntes sitúanse nos 245.964,91 € fronte aos 243.534,91 € do exercicio 2020.

A partida de acredores acadou os 223.155,26 € e ten un descenso respecto ao ano anterior onde tñamos 187.067,74 €.

b) CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL.

A conta de resultados presenta unha situación de aforro por importe de 824.675,99 € froito basicamente da xestión ordinaria da actividade de prestación dos servizos públicos municipais. É un resultado supera ao acadado no ano 2020 e que se situaba nos 463.666,78 €.

c) ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.

Achégase a este expediente de Conta Xeral do ano 2020 a información relativa á liquidación do Orzamento exercicio. Xa foi debidamente remitida dita información e tempo e forma ao Ministerio de Facenda e concluíndo que o Concello de Meira:

- Cumpriu co obxectivo de estabilidade orzamentaria.
- Cumpriu coa regra do gasto.
- Cumpriu co límite da débeda.

Asemade, de toda a información despréndense os seguintes datos:

1. Resultado orzamentario positivo do exercicio de: (+) 177.801,67 €.
2. As desviacións positivas do exercicio 2020 derivadas da financiación de proxectos por outras administracións públicas acadou os 362.532,93 €.
3. Os créditos financiados co remanente de tesourería para gastos xerais acadaron os 259.686,27 €.
Isto é debido á existencia de investimentos que teñen efectos en exercicios posteriores e cuxa financiación vén doutras administracións: Xunta de Galicia e Deputación Provincial de Lugo.
4. Con todo, acádase un resultado orzamentario axustado no exercicio 2020 de (+) 74.955,01 €.
5. O remanente de tesourería total acadou a cifra de 527.080,83 € (370.374,67 € no ano anterior).
6. Os saldos de dubidoso cobro acadan os 65.834,50 € (66.813,18 € no ano anterior). O exceso de financiación afectada acadou os 362.532,93 €.
7. O remanente de tesourería para gastos xerais acadou os 98.713,40 € fronte aos 255.342,32 € do ano anterior.

d) ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO.

En canto á análise do patrimonio neto do Concello de Meira sinalar que se produce un importante incremento na súa contía ao respecto do existente en data 31 de decembro do 2020.

Deste xeito no ano 2020, o patrimonio neto municipal incrementouse de maneira substancial, pasando dos 12.683.501,08 € existentes a finais do 2020 aos 13.495.012,43 € a finais do 2021.

Isto débese fundamentalmente ás novas inversións en actuacións inventariables e que na súa maioría veñen financiadas por subvencións doutras administracións.

e) MEMORIA



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

En canto á memoria, que consta de 22 apartados, de acordo ás normas contables sinaladas anteriormente, cómpre destacar:

A Corporación Municipal consta de 9 membros, percibindo o Alcalde retribucións en réxime de dedicación exclusiva, tendo en conta o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

O resto de membros da Corporación perciben unha indemnización pola asistencia ás sesións dos distintos órganos colexiados do concello.

A xestión dos servizos públicos faise na súa totalidade por medios materiais e persoais do Concello.

- 1) En canto aos indicadores financeiros e patrimoniais do concello sinalar que esta Administración presenta entre outros:

Ratio de liquidez Inmediata: 0,26%; tendo en conta se atopa cerca do 0,3 establecido como promedio de boa saúde, podemos dicir que o concello conta cun nivel de liquidez que lle permite afrontar os seus compromisos.

Ratio de liquidez General: 1,85 %; tendo en conta que supera amplamente o 1,50 establecido como valor de referencia, o Concello de Meira presenta ten capacidade para afrontar as súas obrigas.

Ratio de liquidez a curto prazo: 1,99 %; tendo en conta que supera amplamente o 1, podemos concluír que o concello conta con capacidade para facer fronte aos seus compromisos financeiros o curto prazo e mesmo parte dos de longo prazo.

Ratio de endebedamento por habitante: 288,70 €. O Concello segue reducindo o seu nivel de endebedamento bancario.

En canto ao Período Medio de Pago a Proveedores, e acordo aos datos que se remiten ao Ministerio de Facenda, en cumprimento do Real Decreto 635/2014, obtivéronse os seguintes datos no ano 2021:

-1º Trimestre: 16,04 días.

-2º Trimestre: 23,07 días.

-3º Trimestre: 16,85 días.

-4º Trimestre: 21,50 días.

O Concello cumpre cos prazos máximos establecidos na normativa sobre morosidade comercial das administracións públicas procedendo ao pagamento das facturas con provedores dentro do prazo máximo de trinta días establecido ao efecto.

- 2) Indicadores Presupostarios:

- Ratio de execución do orzamento de gastos: 0,79 %. Isto significa que o orzamento do ano anterior está executado nunha gran parte e tal como estaba previsto inicialmente.
- Ratio de execución do orzamento de ingresos: 0,85 %. Pon de manifesto que o concello recada a maioría dos tributos previstos, excepto aqueles créditos fallidos e non cobrables.
- Gasto por habitante: 1.330,75 €. Trátase dun nivel de investimento elevado en relación cos outros concellos de Galicia.
- Autonomía: 0,64 % e de autonomía fiscal do 0,42 %. Ambos denotan unha presión fiscal relativamente baixa respecto a outros concellos.

De acordo con todo elo, e unha vez que foi examinada a Conta Xeral así formada, por esta Intervención Xeral emítase informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e tendo en conta que é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, neste caso Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia, que non require a conformidade coas actuacións recollidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas.”.



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Atendida a liquidación dos Presupostos consolidados deste concello, correspondente ó exercicio de 2021, que foi aprobada por Resolución de Alcaldía 77/2022 de data 24 de febreiro de 2022 e que obra no expediente, preséntanse ante esta Comisión informativa Especial de Contas todos os documentos integrantes da Conta Xeral dos Orzamentos de 2021, e a secretaria- interventora informa do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, e no artigo 212 do texto refundido da Lei reguladora da facendas locais aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, dando todo detalle das cifras que contén a referida Conta Xeral.

A Presidencia, ao non haber intervencións, somete a votación a proposta de informar favorablemente a conta xeral do ano 2021, sendo aprobada, por unanimidade dos oito concelleiros asistentes que acordan:

Primeiro.- Dictaminar favorablemente a Conta Xeral deste concello correspondente ó exercicio de 2021 acompañada por toda a documentación complementaria a que se refire as regras da instrucción de contabilidade, comprendendo polo tanto, todo o contido recollido no artigo 209 TRLHL, dispoñendo a súa publicación no BOP polo prazo de quince días hábiles ós efectos de que polos interesados lexítimos poida ser examinada e formularen por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que se estimen oportunas, durante o devandito prazo, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.-

Segundo.- No suposto de que non se presenten reclamacións, reparos ou observacións á mesma, a referida Conta Xeral será elevada ó Pleno deste concello para que acorde o que proceda respecto da súa aprobación. No caso de que se presentaren reclamacións procederase do mesmo xeito, pero previo estudio e dictame pola Comisión Especial de Contas das reclamacións presentadas, elevando á Conta Xeral, os documentos que a integran, reclamacións e dictame evacuado sobre estas ó Pleno para que resolva o que proceda.-

Terceiro.- Do resultado da tramitación do expediente da Conta Xeral do exercicio 2021 e copia da mesma, remitirase ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Cuentas para a súa fiscalización externa, conforme ó que dispón o repetido Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e a normativa sectorial de cada un dos mentados órganos fiscalizadores.-

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde na data da sinatura electrónica.

A secretaria accidental

Visto e prace
O alcalde
Agustin Méndez Moirón

Documento asinado electrónicamente

